



SECRETARÍA DE ESTADO
DE TURISMO



SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

PCO.001.2024.00196

En relación con esta licitación, ser detallan a continuación nuevas preguntas planteadas por los licitadores y correspondientes respuestas:

PREGUNTA

Bo día.

Ante a preparación dunha oferta para a licitación en curso para o "Servicio de diseño y promoción de un programa de rutas para la interpretación del patrimonio gastronómico material e inmaterial " do PSTD da Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle, xórdennos unhas dúbidas dos pregos que nos gustaría plantearlles, para ver se poden darnos solución ás mesmas. Ambas dúbidas están relacionadas co apartado "5.3. Equipo de trabajo":

1. Por unha banda, determínase que os perfís deben contar cunha titulación universitaria superior relacionada co obxecto do contrato. Para o caso concreto do Responsable do proxecto e do Analista, trátase de titulacións en campos concretos, ou poden ser titulacións universitarias superiores calquera se logo se demostra que a experiencia profesional é máis que suficiente nos campos do turismo e da xestión de proxectos similares?

2. Por outra banda, é necesario que a empresa consultora estean baixo os dous convenios mencionados no apartado? A nosa empresa segue o "Convenio colectivo estatal de empresas de consultaría, tecnoloxías de la información y estudios de mercado y de la opinión pública" e conta cunha deseñadora gráfica con ampla experiencia en proxectos similares ao deste contrato, pero non se atopa baixo o " Convenio colectivo estatal de artes gráficas, manipulados de papel, manipulados de cartón, editoriales e industrias auxiliares". Imposibilita este feito a súa incorporación ao equipo de traballo?

Moitas grazas polo seu tempo.

Saúdos cordiais.

RESPUESTA:

1. En relación ao apartado 5.3 do Prego de Prescricións Técnicas, non se esixe ningunha titulación específica para o perfil do responsable de proxecto e o analista. Con todo, a experiencia mínima si debe ser relacionada con traballos no ámbito de turismo e xestión de proxectos similares.

2. Os convenios que se mencionan no apartado 5.3 do PPT foron tomados como referencia para xustificar o orzamento base de licitación; non é esixible que o persoal que se propoña para o equipo de traballo se atope baixo o convenio que se menciona.

PREGUNTA:

Bos

días.

No apartado "4.1.d. Posta en marcha e promoción" do prego técnico da oferta indícase que todos os instrumentos comunicacións empregarán criterios de accesibilidade universal. Queríamos saber se isto significa que todas as actuacións de promoción que se inclúan no plan de promoción deberán realizarse baixo criterios de accesibilidade universal, tendo en conta que estamos a falar, entre outras cousas, de publicacións en redes sociais e distribución virtual, entre outros aspectos.

Moitas grazas. Saúdos cordiais.



SECRETARÍA DE ESTADO
DE TURISMO



RESPUESTA:

A indicación de empregar criterios de accesibilidade universal refírese a se teñan en conta esas directrices xerais que na medida do posible, pero sen perder de vista o obxecto do contrato.

A Xefa do Servizo,
Beatriz Méndez López